



Expediente núm.: 63/2022

Procedemento: Aprobación da Oferta de Emprego Público extraordinaria para un proceso de estabilización do emprego temporal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº / 2024

En relación co proceso de estabilización do emprego temporal que, ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, se está levando a cabo neste Concello para a provisión dunha praza de Traballador/a social;

Visto o contido do Decreto 2024-0023, de data 5 de marzo de 2024, no que se resolvía a publicación dos resultados provisionais obtidos polos distintos candidatos ao referido proceso e se concedía, a un tempo, un prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións;

E tendo en conta que ningún dos candidatos presentou reclamación algunha durante o prazo establecido a tal efecto;

En uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, e de conformidade cos artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 33 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado,

RESOLVO

Primeiro. Elevar a definitivos os resultados acadados polos distintos candidatos ao referido proceso de selección, os cales se reflicten no cadro que segue:.

DNI	CALIFICACIÓN GLOBAL			
	Formación	Experiencia	Examen	TOTAL
***4774**	8	32	57,75	97,75
***8433**	8	32	29,75	69,75
***2413**	4	0	23,5	27,5

Segundo.- Efectuar proposta de selección en favor do candidato con DNI; ***4774**, ao ter obtido unha maior puntuación.

De acordo co disposto no artigo 10 das bases reguladoras deste proceso selectivo respecto de aqueles que obtiveran o 50% dos puntos no concurso de méritos, o candidato con DNI: ***8433** pasa a conformar unha bolsa de emprego destinada a cubrir as eventuais baixas, temporais ou permanentes, que se puideran producir nun futuro na praza a estabilizar.

Terceiro.- En cumprimento do artigo 11 das bases reguladoras deste proceso, e do art. 33 do RD



364/1995, outorgar ao candidato seleccionado un prazo de 5 (cinco) días hábiles para que presente, no Rexistro Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberán presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa;
- Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto;
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente;
- Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados;
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria;

Cuarto. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

De acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a presente resolución poderá interpoñerse Recurso potestativo de reposición ante o Sr Alcalde-presidente do Concello de Negueira de Muñiz no prazo dun mes, que será contado a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución na páxina web do concello de Negueira de Muñiz (www.concellodenegueira.es), ou, no prazo de dous meses, Recurso contencioso-administrativo ante Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

O manda e asina en Negueira, na data da firma electrónica reflectida ao marxe, D. José Manuel Braña Pereda, Alcalde-presidente, do que eu, D^a. Leticia Rodríguez Díaz, Secretaria-interventora no Servizo da Excm. Deputación provincial de Lugo para a asistencia xurídica, técnica e económica aos Concellos da provincia de Lugo, comisionada por Decreto da Presidencia do Ente provincial de data 1 de decembro de 2023 para exercer as funcións de Secretaria-interventora no Concello de Negueira de Muñiz, dou fe.

O Alcalde-presidente

José Manuel Braña Pereda

A Secretaria-interventora en comisión circunstancial

Leticia Rodríguez Díaz

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

